



O Rexurdimento


Lingua galega e
literatura 3º ESO

Índice

1. Introducción
2. Contexto histórico
3. Obxectivos do Rexurdimento
4. Etapas do Rexurdimento



1. Introducción




SÉCULOS ESCUROS

REXURDIMENTO



Rexurdir: renacer, revivir; recobrar o ánimo, despertar

1. Introducción



Despos do silencio dos Séculos Escuros, o XIX é o século do **Rexurdimento**, un movemento de recuperación da lingua, da literatura e da cultura galegas.

As tres grandes figuras do Rexurdimento foron **Rosalía de Castro**, **Eduardo Pondal** e **Curros Enríquez**, que fixeron que o galego, unha lingua desprezada e tanto tempo apartada da escrita, volvese brillar como lingua literaria.



2. Contexto histórico. Galicia no século XIX

2.1. Situación socioeconómica

Galicia era no século XIX unha **sociedade** principalmente **rural**, os principais sectores económicos eran a **agricultura** e a **pesca**, mentres que a industria presentaba un papel moi pouco relevante.



As espigadoras,
Jean-François Millet

2. Contexto histórico. Galicia no século XIX

2.1. Situación socioeconómica

Mantíñase o **sistema foral**, o que significaba que as terras non pertencían aos labregos que as traballaban, senón ás clases altas: o clero, a fidalguía... Os labregos pagaban un imposto (**o foro**) por traballar as terras e as clases altas vivían de rendas.



A nosa terra non é nosa, rapaces

Ilustración de Castelao

2. Contexto histórico. Galicia no século XIX

2.2. A emigración

A pobreza na que vivía o campesiñado fixo que buscasen unha saída para tratar de solucionar os seus problemas: a **emigración**. Así, ao longo do século XIX moitos galegos marchan a países coma Arxentina, Cuba, Brasil... Houbo algúns que fixeron fortuna nas Américas, pero a maioría volvían avellentados e tan pobres como marcharan.



2. Contexto histórico. Galicia no século XIX

2.3. O galeguismo - provincialismo e rexionalismo

O Rexurdimento está moi vinculado coa aparición e desenvolvemento do **galeguismo**, un movemento político, social e cultural que naceu co obxectivo de **defender e dignificar a identidade galega** (a nosa lingua, a nosa cultura...) e darlle poder político a Galicia. Na súa evolución, o galeguismo pasou por **tres fases**:

- O provincialismo
- O rexionalismo
- O nacionalismo.



2. Contexto histórico. Galicia no século XIX

2.3. O galeguismo - provincialismo e rexionalismo

- a. **O provincialismo:** a partir de 1833 o Antigo Reino de Galicia desaparece, quedando dividido en **4 provincias**.



Esta nova división territorial do Estado provoca a aparición do **provincialismo**, movemento político que reivindicaba **Galicia como provincia única** con unidade administrativa, social, cultural e económica.

2. Contexto histórico. Galicia no século XIX

2.3. O galeguismo - provincialismo e rexionalismo

b. O rexionalismo: O movemento rexionalista defende que **Galicia constitúe unha rexión diferenciada** dentro do Estado español. Dentro do rexionalismo distínguense dúas correntes:

- **Corrente liberal**, de carácter progresista e liderada por **Manuel Murguía**.
- **Corrente tradicionalista**, de carácter conservador e liderada por **Alfredo Brañas**.



Manuel Murguía



Alfredo Brañas

2. Contexto histórico. Galicia no século XIX


2.3. O galeguismo - provincialismo e rexionalismo



c. O nacionalismo: a partir do século XX, coas Irmandades da Fala e co Partido Galeguista entramos nunha nova etapa do galeguismo: o nacionalismo. Considérase Galicia como unha **nación** con dereitos políticos.

3. Obxectivos do Rexurdimento

Os intelectuais do Rexurdimento traballaron para conseguir que a lingua galega mellorase a súa situación. Así, trataron de eliminar os prexuízos lingüísticos, empregar o galego en ámbitos dos que fora excluído (literatura, prensa...), crear gramáticas e dicionarios da nosa lingua... Podemos sinalar os seguintes obxectivos do Rexurdimento:



3. Obxectivos do Rexurdimento

3.1. Frear os prexuizos lingüísticos cara ao galego

Fronte ás ideas negativas que se tiñan do galego (lingua bruta, inútil, de pailáns...), os intelectuais do Rexurdimento van defender a valía e o prestixio da nosa lingua empregando argumentos coma os seguintes:

- *O galego é unha lingua cun pasado glorioso*
- *O galego é unha lingua útil, que serve para comunicarnos entre nós e nos aproxima á lusofonía*
- *O galego é a lingua propia de Galicia, o noso sinal de identidade máis importante*



3. Obxectivos do Rexurdimento

3.2. Ampliar os ámbitos de uso da lingua galega

Despois de séculos apartado da escrita e dos ámbitos formais (a Educación, a Administración...), durante o Rexurdimento vaise intentar que o galego vaia recuperando os espazos perdidos.

Así, conséguese que o galego volva ser **lingua literaria**. Convócanse certames literarios (coma os **Xogos Florais** da Coruña), créanse as primeiras editoriais dedicadas a publicar obras en galego (coma a **Biblioteca gallega** de **Martínez Salazar**) e, o máis importante, publícanse as primeiras obras literarias na nosa lingua, destacando as de Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal.



Martínez Salazar, director da editorial Biblioteca Gallega



Curros Enríquez, Eduardo Pondal e Rosalía de Castro

3. Obxectivos do Rexurdimento

3.2. Ampliar os ámbitos de uso da lingua galega

Ademais de levar a lingua galega á literatura, nesta etapa tamén se tentou introducilo na **prensa** periódica, publicándose algúns xornais e revistas en galego coma ***O Tío Marcos da Portela*** ou ***A Monteira***.

Por último, os intelectuais do Rexurdimento tamén traballaron (aínda que non o conseguiron) para que o galego se introducise noutros ámbitos coma a Educación e na Administración.



O Tío Marcos da Portela




A Monteira



3. Obxectivos do Rexurdimento

3.3. Estudiar e depurar a lingua galega

Despois de séculos apartado da escrita, o galego carecía nesta altura dunha norma escrita e tamén de gramáticas, dicionarios... Os intelectuais do Rexurdimento tamén van traballar nisto, estudando as diferentes variantes do galego, eliminando os castelanismos, comezando a crear unha lingua estándar... A primeira gramática do galego foi a de **Saco e Arce** e o primeiro dicionario, o de **Marcial Valladares**.



Gramática Gallega de Saco e Arce




Dicionario de Marcial Valladares


3. Obxectivos do Rexurdimento

3.4. Reivindicar o pasado histórico de Galicia

Finalmente, outro obxectivo do Rexurdimento foi reivindicar o pasado histórico de Galicia e a súa identidade como pobo diferenciado, cunha lingua e unha cultura propias. Nesta liña, cómpre destacar as primeiras **Historias de Galicia** que **Manuel Murguía** e **Benito Vicetto** escribiron nesta etapa, nas que se defendía a **orixe celta** do pobo galego.




Benito Vicetto



Manuel Murguía

4. Etapas do Rexurdimento

É común distinguir no Rexurdimento dúas etapas fundamentais: o **Período Precursor** e o **Rexurdimento pleno**. A data que separa ambos os períodos é o **1963**, ano no que Rosalía de Castro publicou *Cantares gallegos*.



4. Períodos do Rexurdimento

Período Precursor

Ata 1863

Engloba a obra de autores que publicaron en galego antes de que se publicase *Cantares gallegos*: Antonio Benito Fandiño, Nicomedes Pastor Díaz, Francisco Añón... Entre os precursores destacamos a **Xoán Manuel Pintos**, autor dunha obra titulada *A gaita gallega*, na que fixo unha defensa da lingua galega.



Xoán Manuel Pintos

Rexurdimento Pleno

A partir de 1863

Este período está marcado pola presenza dos tres grandes escritores do século XIX galego: **Rosalía de Castro**, **Curros Enríquez** e **Eduardo Pondal**. Con eles, ponse en pé un sistema literario galego autónomo e chegan a acadarse altas cotas de calidade literaria.



